

LOURDES NOYA FERREIRO, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA: antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno da USC, na súa sesión do 2 de maio de 2013, aprobou a actualización da normativa de xestión académica, nos termos do documento adxunto.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela a 7 de maio de dous mil trece, co visto e praxe do sr. reitor.

Vº e praxe



O reitor



Juan J. Casares Long



ACORDO DO CONSELLO DE GOBERNO DO 2 DE MAIO DE 2013 EN MATERIA DE XESTIÓN ACADÉMICA

Unha parte da normativa da USC vixente en materia de xestión académica é directamente aplicable aos novos estudos de grao, máster e doutoramento e, ademais, fóronse publicando normas específicas para os novos estudos pero o certo é que se fai cada vez máis necesaria a elaboración dun novo conxunto de normas que abrangan de xeito completo a nova realidade académica.

Mentres non se proceda á redacción do novo corpo normativo completo e específico para os estudos adaptados ao EEES, faise preciso ir establecendo puntualmente a regulación de cuestións concretas. Así por exemplo, aproveitando o comezo do novo curso, deben actualizarse as condicións para permitir simultanear estudos conforme á nova realidade académica.

Por outro banda, o límite de matrícula establecido en 75 créditos que con carácter xeral se amosa axeitado, é demasiado ríxido para moitos alumnos que están finalizando estudos e que estarían en condicións de finalizar nun ano se o cómputo dos créditos non inclúe os créditos correspondentes ao Tráballo Fin de Grao ou Fin de Máster, traballos que pola súa natureza non requiren de actividade presencial do alumno no centro.

Por último, a mesma necesidade de actividade presencial dos novos estudos fai que non sexa recomendable a admisión de alumnos en prazos abertos ao comezo do segundo semestre xa que a Universidade non é capaz de dar resposta aos recoñecementos aos que teñan dereito os alumnos, de forma que se permita tamén garantir o seu dereito á docencia íntegra.

É por todo isto que o Consello de Goberno na súa sesión de 2 de maio de 2013,

A C O R D A

Primeiro.- SIMULTANEIDADE DE ESTUDOS ENTRE TITULACIÓNS DO EEES

1.1.- O alumnado dos estudos de grao e máster da Universidade de Santiago de Compostela poderán simultanear os estudos de dúas titulacións que imparte esta

universidade sempre que se cumpran os requisitos seguintes segundo a situación do alumno:

- Que teña superado como mínimo o primeiro curso completo se cursa estudos de grao.
- Que finalizado o proceso de admisión resultaran prazas vacantes se algunha das titulacións que pretende simultanear está sometida a limitación de prazas.
- Que a matrícula total nos estudos que pretende simultanear non supere os 75 créditos, sen contar os créditos correspondentes ao Traballo de Fin de Grao ou de Máster no seu caso.

1.2.- Os requisitos establecidos no apartado anterior non serán de aplicación ao alumnado ao que se lle autorice a adaptación do itinerario curricular por recoñecemento de necesidades educativas especiais ou por altas capacidades.

1.3.- Para simultanear estudos de doutoramento, ademais do establecido no Regulamento dos Estudos de Doutoramento, será preciso o informe favorable do Director da Tese.

Segundo.- PRAZO DE ADMISIÓN DE ALUMNOS

O alumnado que pretenda iniciar ou continuar estudos, procedente doutras universidades, deberá solicitalo nos prazos que se establezan na convocatoria de matrícula.

Terceiro.- LÍMITE DE MATRÍCULA POR CURSO

Para o cálculo do límite máximo de matrícula de 75 créditos ECTS, establecido no Acordo de Consello de Goberno do 29 de abril de 2008, non se terán en conta os créditos do Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Máster no que se inscriba o alumno.

Este límite de matrícula será de aplicación aos estudos de grao e máster adaptados ao EEES.

Disposición Final.- Entrada en Vigor

As disposicións do presente acordo serán de aplicación a partir do curso 2013-2014

Disposición Derrogatoria.-

A partir da entrada en vigor deste acordo quedan sen valor nin efecto todas as normas que se opoñan ao disposto nel.